

Acordo Unitario por unha Carreira Profesional Digna

Coordinadora Galega de Facultativos de Hospitais

Sindicatos: CIG, CCOO, CSIF, OMEGA, UGT

Consello Galego de Colexios Médicos

Reunido o día 31 de xaneiro de 2005, o **“ACORDO UNITARIO POR UNHA CARREIRA PROFESIONAL DIGNA”**, constituído pola Coordinadora Galega de Facultativos de Hospitais (CGFH), os sindicatos CIG, CCOO, CSIF, OMEGA e UGT, e o Consello Galego de Colexios Médicos, tira as seguintes conclusións:

1. O importante seguimento das mobilizacións desenvolvidas o día 27/01/2005 na maioría dos hospitais e en moitos centros de saúde, así como a masiva recollida de sinaturas dos facultativos en apoio das posicións defendidas polo “Acordo Unitario”, constitúen un importante éxito da unidade dos facultativos do SERGAS.
2. A 4ª proposta da Administración sobre a Carreira Profesional (CP) dos facultativos presentada na Mesa Sectorial do pasado 25/01/200, contén xa suficientes aspectos de proximidade ás posicións do “Acordo Unitario” como para que se poda establecer xa unha negociación real, que todos desexamos teña un feliz final, permitindo o establecemento dunha Carreira Profesional Digna para os facultativos.
3. Consideramos que agora si que existen base reais para poder chegar a un pacto sobre CP na mesa sectorial, que resulte aceptábel para a grande maioría dos facultativos do SERGAS. Desde o “Acordo Unitario” consideramos que para que isto suceda, deben terse en conta os seguintes aspectos:
 - a) Debe ficar claro, no texto do acordo ao que se chegue sobre o réxime transitorio, que as negociacións sobre o réxime definitivo de CP comezarán inmediatamente despois da que remate a negociación do réxime transitorio. Evidentemente a CP dos facultativos o SERGAS deberá adaptarse aos criterios que se establezan no Consello Interterritorial, sen embargo non resulta aceptábel que a non existencia duns criterios de homologación que non se sabe cando se establecerán, impidan o establecemento dun sistema de CP no SERGAS que, lxicamente, deberán adaptarse a eses criterios no momento en que existan.
 - b) Coidamos que sería posíbel chegar a un acordo combinando aspectos das retribucións por nivel cos dos tempo esixidos para acadar un nivel determinado sobre a base de que se o tempo é maior as retribucións tamén deberán ser maiores.
 - c) O actual sistema de avaliación de obxectivos non pode servir para permitir ou denegar o acceso a un nivel da CP. Esixir un nivel de cumprimento de obxectivos do 80% nos 5 anos previos, significa deixar fora da CP a un importante número de facultativos, cando existe un profundo malestar e desacordo entre os profesionais sobre os mecanismos que se teñen aplicado para o establecemento e medición dos obxectivos. Ademais, a avaliación de obxectivos realízase en relación co Complemento de Productividade Variábel (CPV), un concepto retributivo que o Estatuto Marco diferencia claramente da CP, polo que non existe motivo para ligar estes última á avaliación de obxectivos.
 - d) O retraso sistemático de 1 ano, con respecto ao persoal actualmente xa fixo, na incorporación do persoal da OPE á CP, non ten ningunha xustificación coa posíbel excepción do ano actual. Este persoal debe incorporarse á CP a partir de xaneiro do 2006 e, a partir dese momento, ter dereito ao ascenso de nivel en iguais condicións que o persoal actualmente fixo.

Acordo Unitario por unha Carreira Profesional Digna

Coordinadora Galega de Facultativos de Hospitais

Sindicatos: CIG, CCOO, CSIF, OMEGA, UGT

Consello Galego de Colexios Médicos

- e) O SERGAS debe fixar por escrito que significa exactamente a “integración funcional” dos facultativos de cota e zona, e debe explicitar que se respecta o réxime xurídico dos non estatutarios (réxime funcionarial)
- f) Debe ficar claramente establecido, no documento final, como contarán os servizos prestados (interinidades, contratos temporais, ...) para sumar á experiencia profesional, así como que aqueles facultativos que se teñan incorporado no concurso de traslados de 1994, terán os mesmos dereitos a efectos de cómputo de anos de servizo, que o resto do persoal.
- g) O persoal que conte con praza e que por algún motivo non está en activo (permiso sen soldo, excedencia voluntaria, permisos especiais, coidado a familiares, ...) tamén debe poder entrar na CP no período transitorio.

31/01/2005